

Todo ten o seu valor

Pepe Carballude

(Texto íntegro)

Desde que lle tocara a lotería de Nadal por un décimo que lle mandara un fillo que tiña casado en Madrid, o señor Pepe de Pousadela medía todo por cartos. Un supoñer, dicía alguén "Téñolle que cambiar as rodas ao coche" e alá saltaba o señor Pepe: "Pois vai preparando cinco mil pesos". Saía outro calquera con que ía levar a muller a un médico de pago e, antes de que dixese máis nada, ceibaba o señor Pepe: "Tres mil pesos. ¡Se non coñecese eu como abren a boca eses lampantíns!" E así por todo. Falase do que falase, o señor Pepe da Pousadela tiña decote unha cifra na boca. "¡E sempre en pesos, pola antiga!" corrixiume o sancristán un día que me sentiu.

Moitos fuxían del porque a nova teima de medir todo en cartos descubríalles cousas que querían acochar. "Parece que fode que che estean dicindo sempre o que valen as cousas", comentou un día na taberna Ricardo, o zapateiro, cando o señor Pepe lle espetou que o prato do casamento da súa filla andaría polos setecentos pesos.

Sobro de tempo como andaba, o señor Pepe de Pousadela ía moito pola barbería de Moncho. Alí parrafeaba, lembraba as súas correrías de cando servira nas illas Chafarinas e da relación que mantivera coa filla do capitán. "Amores platónicos", dicía el, coidando que así os facía máis intensos. Precisamente aquí, na barbería, cando lle sentiu a un cliente que tiña que acompañar a uns parentes a visitar a catedral de Santiago, o señor Pepe de Pousadela non dubidou un intre e exclamou:

—¿E que pode valer? ¡Vinte millóns de pesos! Todos ficamos con ollos abertos.

—Si, si, a catedral de Santiago por aí valerá coma catro casas xuntas.

Ninguén o contrariou porque todos sabíamos o xorne que gastaba o señor Pepe cando alguén poñía en dúbida o que el dicía. Non respectaba máis que á xente da súa paria e sobre todo ó señor Cañete, que se coñecían moito porque mocearan no mesmo lugar e facían a pé o camiño xuntos. Precisamente aquel día estaba na barbería o señor Cañete, cousa rara porque adoito era a filla quen o rapaba na casa. E foi el quen se atreveu a falar.

—Pase que o edificio da catedral de Santiago valla iso que ti dis, pero ¿canto valerá o botafumeiro?

O señor Pepe de Pousadela, sorprendido por algo que non calculara nunca, baixou a vista e coa desculpa de que se lle botaba a noite enriba, marchou para a casa. Uns días despois finou. O día do enterro disque dixo a filla: "Seguramente sabía cando ía morrer. Ultimamente o pobre non facía máis ca botar contas".